



Regulamento

1. O Club Atletismo Porriño coa colaboración do Excmo. Concello de O Porriño, organiza a “**CARREIRA DIEGO SALGUEIRIÑO. AS AGÜIÑAS 2019**”, que se celebrará o día **30 de xuño de 2019**, a partires das 10:00 horas, no Polígono Industrial de A Granxa (Instalacións do Club Atletismo Porriño), no Concello de O Porriño.
2. Poderán participar tódalas persoas estean ou non federadas. Aqueles que non teñan Licencia Federativa ou seguro deportivo (escolares), están cubertos polo seguro do que dispón a organización. Poderán participar tamén atletas doutros países.
3. As inscricións faranse a través da páxina web www.atletismopor.com ata o martes **día 25 de xuño** ou ben a través do formulario dispoñible no facebook do clube. As inscricións son de balde, non admitíndose inscricións fora de prazo nin no mesmo día da proba.
4. A organización no se responsabiliza dos danos morais ou físicos ocasionados na participación da proba.
5. Os dorsais serán entregados pola organización ata media hora antes do comezo de cada proba na secretaría, que estará ubicada nas instalacións de atletismo sitas no mesmo Polígono Industrial de A Granxa, no Concello de O Porriño.
6. Para as categorías menores, entregaremos trofeos ós tres primeiros e medallas ó resto. Na carreira absoluta haberá trofeo para os primeiros clasificados na categoría feminina e masculina. A entrega de medallas e trofeos realizarase unha vez finalizadas tódalas carreiras.
7. A proba estará controlada por persoal do Club Atletismo Porriño. As reclamacións deberán ser feitas verbalmente no espazo de Secretaría, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
8. Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este e falsificar datos persoais.
9. Xs atletas deben situarse na Cámara de Chamadas, para control de dorsais, como máximo 10 minutos antes do inicio de cada proba, puidendo ser

descualificados de non cumprir esta norma. Pola megafonía da Organización iránse dando oportunas indicacións ó respecto.

10. As persoas que estean anotadas á carreira e non fagan presenza na mesma, non poderán voltar a participar en ningunha edición futura, unicamente que aporten documentación que xustifique a súa baixa.
11. Todo atleta, polo simple feito de participar, acepta todo o reflexado neste regulamento.
12. **Cesión dos dereitos de imaxe:** Durante o evento deportivo vanse tomar imaxes dos corredores e do entorno xeral da carreira. Coa inscrición dos participantes, acéptase a cesión dos dereitos de imaxe para o uso das fotografías co obxectivo da difusión da actividade nos diferentes medios de comunicación. Os datos cedidos para a inscrición serán empregados exclusivamente para a correcta organización do evento, dacordo coa Ley Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD).
13. Orde de saída e horarios:

CATEGORÍA	ANOS NACEMENTO	DISTANCIA	HORA
CADETE HOMES	04-05	1.350 m	10:00
CADETE MULLERES	04-05	1.350 m	10:15
INFANTIL HOMES	06-07	1.350 m	10:25
INFANTIL MULLERES	06-07	1.350 m	10:35
ALEVIN HOMES	08-09	900 m	10:45
ALEVIN MULLERES	08-09	900 m	10:55
BENXAMÍN MULLERES	10-11	900 m	11:05
BENXAMÍN HOMES	10-11	900 m	11:15
ABSOLUTA:	2003 en diante	5.500 m	11:30
PREBENXAMÍN MULLERES	2012-2013	200 m	12:15
PREBENXAMÍN HOMES	2012-2013	200 m	12:20
PITUFOS MULLERES	2014-2015-2016	200 m	12:25
PITUFOS HOMES	2014-2015-2016	200 m	12:30

ENTREGA DE MEDALLAS: 13:00 H.